

## **II informe sobre a lingua del Eo-Navia**

- **As linguas románicas**
- **El galego de Asturias:  
algús fenómenos fonéticos  
e morfolóxicos**
- **Linguas minoritarias  
e minorizadas**
- **Bilingüismo e diglosia  
en Asturias**



## II INFORME SOBRE A LINGUA DEL EO-NAVIA

Colección divulgativa. Libro 2

Primeira edición, xullo 2023

Edita

©Axuntar, Asociación prá normalización

del galego de Asturias

[asociacion@axuntar.es](mailto:asociacion@axuntar.es)

[www.axuntar.eu](http://www.axuntar.eu)

Deseño

Diego Núñez

Depósito legal

?????????



*Inhuac tlahtolli ye miqui,  
cemihcac motzacuah  
nohuian altepepan  
in tlanexillotl, in quixohuayan.  
In ye tlamahuizolo  
occetica  
in mochi mani ihuan yoli in talticpac.*

Condo morre úa lingua  
entón péchase  
a todos as poblaciois del mundo  
úa ventá, úa porta,  
un asomarse  
de modo distinto  
a conto é ser e vida na terra.

Miguel León-Portilla



## ● As linguas románicas

Tamén chamadas linguas romances ou neolatinas, son as que derivan del latín vulgar, a lingua falada nel Imperio Romano e levada por os soldados romanos a *Hispania*, á *Dacia*, á *Galia*... Como lingua viva evolucionou, fragmentouse e esta fragmentación foi a que deu lugar al nacemento de linguas distintas pero con moitos elementos comúis: **as linguas románicas**, as cales teñen unha base común, por lo que, pese a tratarse de linguas moi diferentes entre si, manteñen unha serie de similitudes que veñen dadas por a súa lingua madre.

As linguas romances están dentro do tronco indoeuropeo, a maior familia do mundo. Para saber máis sobre elas temos que falar un pouco da Romanización.

### A romanización

A romanización foi un proceso histórico por el que a República romana introduciu as súas institucións, cultura, forma de organización social e a súa lingua nas vilas que iba conquistando, en pro da expansión do seu territorio.

Foi un proceso longo nel tempo (us 200 anos) e con numerosas fases, por eso é difícil falar de unha data de iniciación, pero podemos dicir que –na Península Ibérica– comeza arredor do 218 a. C.

Os romanos centraron os seus maiores esforzos en lugares fundados por eles, como *Tarraco* (Tarragona), *Itálica* (Sevilla) ou *Cartago Nova* (Cartaxena, Murcia) Foi nestas cidades onde a romanización foi máis forte e desde onde esta se foi ampliando a toda a Península.



## Como naceron as linguas románicas?

A expansión del Imperio romano fexo que el latín vulgar se instaurase en muitos territorios, mezclándose cos distintos idiomas autóctonos (linguas de sustrato) e creando numerosos dialectos. Ademais, coel fin del Imperio Romano e a chegada á Península Ibérica de xermanos (s. v) e árabes (s. VIII, ano 711), estos novos dialectos del latín foron evolucionando tomando características destas linguas (chamadas linguas de superestrato) asta convertirse nos idiomas de hoxe en día.

A evolución del latín vulgar, asta transformarse nas diversas linguas románicas, dátase, por lo xeral, da seguinte maneira:

1. Entre el 200 a. C. e el 400 aproximadamente: diferentes formas de latín vulgar.
2. Entre el 500 e 600: estas formas comienzan a distinguirse entre sí.
3. A partir del 800: reconócese xa a existencia das linguas romances.

Pero el latín culto seguiu influíndo tamén nestas novas linguas. Por eso el léxico romance créase, sobre todo, por dúas vías: as palabras patrimoniales e os cultismos.

## Palabras patrimoniales e cultismos

As palabras **patrimoniales** son as que derivan directamente del latín vulgar e experimentaron todos os cambios fonéticos propios de cada lingua romance, así OCULUM > cast.: *ojo*, cat.: *ull*, gal.: *ollo*. Os **cultismos** son os que se toman directamente del latín clásico, por lo que tán mui pouco evolucionados e mantein úa gran semellanza coa palabra latina orixinal, por ex.: dese mesmo étimo OCULUM, cast.: *oculista*, cat.: *oculista*, gal.: *oculista*. Hai tamén algúas palabras que non completaron a súa evolución, son os chamados **semicultismos** (palabras a medio camín entre os cultismos e as patrimoniales); así, en galego atopamos del étimo PALATIUM a semiculta *palacio* (a patrimonial é *pazo* e a culta un adxectivo,

*palatino*). A menudo, dun mesmo término latino derivan úa palabra patrimonial e un cultismo, os chamados dobles; así, de PLENUM temos *pleno* (cultismo) e *cheo/chen* (patrimonial).

## Características lingüísticas que comparten as distintas linguas romances

- El orden sintáctico que máis aparece nestas linguas é svo (suxeito + verbo + obxeto).
- El paradigma verbal é, xeneralmente de tipo flexivo; esto é, as formas verbales organízanse e clasifícanse según a persoa, el número, el tempo, el modo, el aspecto, a voz... Desta forma, a maioría das linguas románicas presentan numerosas irregularidades verbales.
- Os sustantivos solen concordar gramaticalmente en xénero e número coel adxetivo correspondente e, asimismo, os sustantivos tamén concordan en número coel artículo (en caso de ir precedidos por este), el cual deriva del pronome demostrativo latino ILLE-A-UM.

## Clasificación interna das linguas románicas

Este é un dos problemas máis complicados dentro de cualquier familia lingüística. Úa enumeración dos grupos que mui probablemente constitúen unidades filoxenéticas válidas é a seguinte:

### 1. Romance occidental:

- *Linguas iberorromances* (galego-portugués, astur-leonés, castellano ou español e aragonés).
- *Lingua galorromances* (francés, linguas de oïl e franco-provenzal).
- *Linguas retorromances* (romanche, friulano e ladino).
- *Linguas occitanorromances* (catalán-valenciano e occitano-gascón).
- *Linguas galoitálicas* (ligur, piamontés, lombardo, emiliano-romañol, véneto e istriano).

- *Lingua romance insular* (sardo).

## 2. Romance oriental

- *Linguas italarromances* (italiano estándar, romanesco, napolitano, siciliano e corso-gallurés).
- *Linguas balcanorromances* (rumano estándar, arrumano, meglenorrumano e istrorrumano).

## 3. Outras linguas romances extintas (mozárabe e dálmata)

## El Grupo iberorromance

Dentro deste grupo filoxenético manéxanse as seguintes datas de aparición das distintas linguas romances na Península Ibérica:

- **Español ou castelán** (principios del s. ix): lingua oficial de España. Idioma oficial na maior parte dos países de Latinoamérica, Guinea Ecuatorial e foi idioma oficial de Filipinas e Guam asta despós da Segunda Guerra Mundial. Nos Estados Unidos de América hai alreedor de 30 millois de falantes.
- **Galego**: lingua cooficial de Galicia xunto coel castellano. Procedente del galego-portugués medieval (durante a Edá Media, el portugués e el galego eran úa misma lingua, orixinada nel s. ix). Falado tamén na zona del Eo-Navia (Asturias), nel Bierzo (León), en Porto, Píás, Lubián e Hermisende (na zona das Portelas, en Zamora) e nel Val de Xálima en Cáceres (nos concellos de San Martín de Trebello, As Ellas e Valverde do Fresno).
- **Portugués**: lingua oficial de Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bisáu, Santo Tomé e Príncipe e Timor Oriental. Proveniente del galego-portugués medieval (s. ix).

- **Aragonés** (s. XII), lingua de Aragón actualmente restrinxida a diversas partes del norte des a rexión. Para algú lingüístas el aragonés ten rasgos intermedios entre el iberorromance e el occitanorromance, pero non existe consenso filolóxico en torno á súa clasificación.
- **Asturleonés** (a mediados del s. X aparecen os primeiros documentos con expresións escritas en lingua romance), grupo lingüístico da península ibérica que constitúe un único idioma con distintos glotónimos:
  - *Asturiano*: nome que recibe este idioma nel Principado de Asturias, regulado por Lei nel ámbito autonómico.
  - *Leonés*: nome que recibe esta lingua na comunidade autónoma de Castilla e León. Reconocida oficialmente nel Estatuto de Autonomía de dita comunidade.
  - *Mirandês*: nome que recibe esta lingua en Miranda do Douro (Portugal). É lingua oficial xunto coel portugués.
- **Catalán** (s. XII), lingua romance falada en Cataluña, Andorra, a Franxa de Aragón, el Rosellón e a cidadá sarda de Alguer, así como na Comunidade Valenciana e na comarca murciana de El Carche (onde recibe el nome de valenciano).

## Os primeiros textos conservados:

### 1. Asturleonés: *La Nodicia de kesos*

A catedral de León alberga un texto moi breve, de apenas medio centenar de palabras garabateadas a dúas columnas nun pergamino: *Nodicia de kesos*. Este texto foi datado nel ano 959, escrito núa lingua protorromance (ancestros inmediatos das linguas romances, por tanto, linguas pontes, de transición, que empezaron a diversificarse entre os séculos VI e VII), predecesora del asturleonés e moi anterior al castelán. Parece ser que el autor del mesmo foi un monxe chamado Ximeno, dispenseiro del Mosteiro dos Santos Justo e Pastor, da comunidade de La Rozuela (León).

*La Nodicia de kesos* é, basicamente, úa lista de víveres, un inventario de queixos (de aí el nome), onde se pode ler:

(1.<sup>a</sup> columna)

(Christus) Nodicia de / kesos que / 3 espisit frater / Semeno: In Labore / de fratres In ilo ba- / 6 celare / de cirka Sancte Ius- / te, kesos U; In ilo / 9 alio de apate, / II kesos; en que[e] / puseron ogano, / 12 kesos IIII; In ilo / de Kastrelo, I; / In Ila uinia malore, / 15 II;

(2.<sup>a</sup> columna)

/ que lebaron en fosado, / II, ad ila tore; / 18 que baron a Cegia, / II, quando la talia- / ron Ila mesa; II que / 21 lebaron LeIone; II / ...s...en / u...re... / 24...que... / ...c... / ...e...u... / 27 ...alio (?) ... / ... / ... / g...Uane Ece; alio ke le- / 30 ba de sopbrino de Gomi / de do...a...; IIII que espi- / seron quando llo rege / 33 uenit ad Rocola; / I qua Salvatore Ibi / uenit.

Versión al castellano actual:

Relación de los quesos que gastó el hermano Jimeno: en el trabajo de los frailes, en el viñedo de cerca de San Justo, cinco quesos. En el otro del abad, dos quesos. En el que pusieron este año, cuatro quesos. En el de Castrillo, uno. En la viña mayor, dos [...] que llevaron en fonsado a la torre, dos. Que llevaron a Cea cuando cortaron la mesa, dos. Dos que llevaron a León [...] otro que lleva el sobrino de Gomi [...] cuatro que gastaron cuando el rey vino a Rozuela. Uno cuando Salvador vino aquí.

Os expertos consideran que é a contabilidade dos queixos consumidos desde el inicio da primavera asta que empeza el labor das viñas.

## **2. Castelán: *Cartularios de Valpuesta***

Na provincia de Burgos, na Sierra de Arcena, ta el Mosteiro de Santa María de Valpuesta, nel que us monxes amanuenses escribiron os Cartularios nel século IX. Os Cartularios ou Becerros de Valpuesta recollen, basicamente, as donaciois materiais –terras, enseres ou gado– de

particulares al mosteiro a cambio de recompensas espirituales, como podían ser un enterro ou misas na súa memoria. Estos escritos reciben el nome de Becerro Gótico –escrito en letra gótica– e Becerro Galicano –escrito en letra carolina ou galicana–. Nelos aparece el vocablo «kaballos» –en lugar de *caballum*–, «molino» –en vez de *mulinum*– ou «iermanis» –onde debería aparecer *frater*–.

Nel ano 2010, coa conformidá da Real Academia de la Lengua Española, pasou de considerarse La Rioja como cuna del castelán (coas súas *Glosas Emilianenses*), sendo cambiada por a provincia de Burgos (cos seus *Cartularios*).

#### **4. Catalán: *Memorial de greuges<sup>1</sup> de Guitard Isarn, senyor de Caboet***

Desde 2021 considérase el primeiro texto extenso escrito en catalán practicamente na súa totalidá (datado en 1105). Consérvase na Biblioteca de Cataluña. El autor é un profesional da escritura, el subdiácono Ramón, un eclesiástico de Cabó, al lado de Organyà, al servicio dos señores de Caboet.

Neste texto, el señor de Caboet (Guitard Isarn), fai úa relación de agravios, infracciois, faltas e ofensas que el sou vasallo (Guillem Arnall) cometera contra a súa persoa, a súa esposa e contra os seus deretos.

#### **5. Aragonés: *Trovando en aragonés en la corte de los Reyes de Aragón***

El manuscrito cos primeiros versos conocidos en aragonés, acompañado por úa iconografía dun rei de Aragón asta agora desconocida, é el eixe central de *Trovando en aragonés en la corte de los Reyes de Aragón*, úa breve obra editada por a Dirección General de Política Lingüística del Gobierno de Aragón na que se inclúen tamén us breves estudos divulgativos sobre el texto e a imaxen.

El manuscrito aparece acompañado dúa análise sobre el tempo histórico del trovador occitano Raimbaut de Vaqueiras –autor dos versos–, así como a súa relación coa poesía trobadoresca e a literatura aragonesa.<sup>2</sup>

---

<sup>1</sup> Agravios.

<sup>2</sup> <https://www.lenguasdearagon.org/wp-content/uploads/2021/12/TROVANDO-def.-para-web.pdf>

## 6. Galego-portugués

Asta agora considerábase que os documentos máis antigos en galego-portugués eran *A Notícia do Torto* e el *Testamento de Afonso II*, de 1214. Pero hoxe en día considérase el primeiro texto el *Pacto de Irmãos*, datado en 1175 ou anterior (descoberto e publicado en 2002 por José António Souto, profesor de Historia da Lingua na Universidá de Santiago de Compostela). Refírese al pacto de dous ermaos pra colaborar e defenderse de agresiois exteriores, coa salvedá del rei e dos sous fillos. Consta de 21 liñas, úa extensión relativamente grande pra os documentos en romance da época.<sup>3</sup>

*Ego gomenze pelaiz facio a tibi irmano meo ramiru pelaiz isto plazo ut non intret meo maiordomo inilla uilla super uostros homines deslo mormuiral. & de inde átre as ca sas dousenda grade & deluira grade. & de pora pena lōga & de ista parte perilla petra cauada de sueiro ramiriz dou uobis isto que seiades meo amico bono. & irmano bono & que adiuderis me contra toto homine fora el rei & suos filios. & si pelagio soariz. ou menendo pelaiz. ou uelas co pelaiz. ou petro martiniz. Daquele que torto fezer a dō ramiru. ou a don gomeze si quiser caber en dereito & se non aiudarmonos contra illos. Des illo mormoiral ata en frojom non lauer iure mala Dos ergo illos que abet hodie fora se ganar herdade de gaualeiros ou de engeoida. & uostra herdade habet tal foro quale dóóspital. & herdade for de penores & ibi morar suo dono dar calupnia & fosa-dei ra & si se for dela abere tal foro quomodo uostros herdades. Se hominem entrar enaquela vila que torto tenia a dō go meze dar dereito dele si seu for de don ramiro quen de fora ue nia. & quen isto plazo exierit ad uos ramiro pelaiz se erar coregelo & se non q uoluerit peitar quinientos soldos. jsto pleito est taliado de isto maio q venit ad. ijs. Anos.*

A nivel literario el primeiro texto romance que pode ser datado é úa cantiga del trobador João Soares de Paiva, datada en torno a 1200 (1196?), «**Ora faz ost’o senhor de Navarra**» (un sirventés satírico de tipo político que alude a un contexto histórico preciso: as luitas entre el rei

---

<sup>3</sup> Ligazón al vídeo da ALGA: <https://pactodeirmaos.gal>



D. Sancho VII de Navarra e os reis de Aragón e de Castela, despós da derrota de Alarcos en 1195):

Ora faz ost'o senhor de Navarra,  
pois en Proenç'est'el-Rei d'Aragon;  
non lh'an medo de pico nen de marra  
Tarraçona, pero vezinhos son;  
nen an medo de lhis poer boçon  
e riir-s'an muit'Endurra e Darra;  
mais, se Deus traj'o senhor de Monçon  
ben mi cuid'eu que a cunca lhis varra.  
(...)

A partir del s. XII, condo el Condado de Portugal se independizou del Reino de León, el galego-portugués medieval comenzou a diverxer en dúas linguas: el galego actual e el portugués. Ambas consolidáronse totalmente cara al s. XIV.


**Na lingua del Eo-Navia**, variante dialectal del bloque oriental (área asturiana) da lingua galega, tamén temos un documento del mosteiro de Santa María de Vilanova de Ozcos datado nel ano 1162 nel que se formaliza a venta realizada por María Vicénte al Abade D. Guillermo e á abadía de Vilanova de Ozcos de úas fincas del poblo de Zadamoño (actual concello de Eilao) por el precio de un boi e cen soldos. Este é un dos textos máis interesantes del Cartulario de Ozcos nel que se pon de manifesto xa el uso da lingua galego-portuguesa nesta Comarca. (Máis info nel *I Folleto divulgativo* de Axuntar).


## ● Características da nosa lingua

A comarca asturiana del Eo-Navia e os seus 18 concellos forma parte dialectalmente del Bloque oriental da lingua galega, área asturiana (xunto coel concello de Negueira de Muñiz, en Lugo) e deste xeito lo acreditan os estudos filolóxicos de moitos lingüistas. Presenta varios fenómenos propios del galego-portugués que non existen nel resto del territorio asturiano:

1. Os resultados de Ę, Ő breves latinos. Esta isoglosa (liña imaxinaria que separa el territorio a nivel lingüístico) diferencia entre os resultados con ditongación (*diente, piedra / puerta, puente*) propios del asturleonés e del castelán e os resultados sen ditongación (*dente, pedra / porta, ponte*) propios del galego e portugués. El regato de Frexulfe cara al oriente, en Navia, marca a aparición das palabras con ditongación.
2. Sistema vocálico pretónico e tónico de sete vocales (a, e aberto, e pechado, i, o aberto, o pechado, u: *presa, présa; oso, óso*), frente ás cinco vocales del asturiano e castelán.
3. A desaparición ou mantemento del -N- intervocálico latino, un rasgo que tamén diferencia el galego del asturiano (*lúa -ou llúa-*, fronte a *lluna*).
4. Os resultados de L- inicial, -L- intervocálico e -LL- intervocálico latinos:
  - En galego, fronte al asturiano e castelán, desaparece el -L- intervocálico (*avó, ceo*), aínda que este -L- en certas zonas del Eo-Navia –as máis orientales– se mantén (*avolo, celo*).
  - El L- inicial e el -LL- intervocálico pasan a /l/ en galego normativo. Nel galego de Asturias hai distintas solucións: /l/ sen palatalización (*lonxe, ela*), ou /ll/ coa consoante palatal (*llonxe, ella*).
5. El pronome persoal *eu*, coa variante *eo*.
6. Uso del pronome *che* (complemento indirecto) e *te* (complemento directo), fronte á forma *te* para as dúas funcións nel asturiano.
7. Desinencia *-n* na primeira persoa (P1) das formas verbales del pretérito perfecto (*collín, dixen*), fronte ás formas sen *-n* del asturiano.
8. Desinencia palatalizada da segunda persoa (P2) del pretérito perfecto (*cantache, colliche*), fronte a súa ausencia en asturiano.

Aquí us mapas dos resultados de Ę, Ő breves latinos sacados del ETLEN  
 (Estudiu de la Transición Llingüística na zona Eo-Navia, Asturias):





Ademais, el galego de Asturias ten úa serie de particularidades que coinciden coas del bloque oriental da lingua galega (formado por todo el galego exterior ás fronteiras administrativas –Asturias, León e Zamora– e el este das provincias de Lugo e Ourense):

1. Plurales das palabras rematadas en *-n*, en *-is*: *cais, pantalouis*. Esta é úa isoglosa importante pois é a que divide a lingua galega en tres grandes bloques dialectales, de oeste a este: solución *-ns* nel bloque occidental (*pantalóns*); solución *-s* nel bloque central (*pantalós*); e solución *-is* (*pantalois*) nel bloque oriental.
2. Uso del ditongo *-ui-*: *muíto, truíta*.
3. Pronome persoal *tu*.
4. Diminutivos en *-ín* (*camín, vecín*).
5. Conservación dos ditongos *qua e gua* (*cuatro, guardar*).
6. Son falas todas elas mui conservadoras, mantendo algúas características medievales hai tempo desaparecidas nel galego de Galicia (por exemplo, a existencia das vocales nasales nos Ancares).

E tamén ten as súas **propias características**:

1. Terminacións en *-íos, -ías*: *vecíos, vecías*.
2. Conservación de *-L-*, en certas zonas: *avolo*.
3. Formas arcaicas e etimolóxicas del posesivo: *tou, sou* (de *tuus, suus*).
4. Uso das formas máis arcaicas del artigo determinado (masculino *el*, del nominativo latino *ILLE*): *El can*.
5. Ún léxico especial, con palabras como: *amecer, embolortar, al reboillón, pozó, descoxar, cuito, mermo, xabaril, xebrar, rinchín, rascacheiro, cullarín*, verbos como *fer, ouguir, poer...*
6. Pérdida da nasal palatal /*ñ*/: *Dieiro, cocía, espía...*

## Subáreas

### 1. Según Xabier Frías Conde:

#### *Falares lucenses*

1. Galego del Eo: Taramundi, Santiso e sur da Veiga.
2. Galego del alto Navia: Os Coutos (Ibias)

#### *Falares da bacía del Navia*

1. Occidental: Ibias (agás Os Coutos), Santalla de Ozcos, Negueira de Muñiz (Lugo), Grandas.
2. Central: Valledor (Allande occidental), Eilao, Pezós, San Martín e Vilanova de Ozcos, Tapia occidental, A Veiga (norte e centro) e Castropol.
3. Oriental: Verducedo (Allande occidental), Villaión (Ponticella), Navia occidental, Coaña, Boal, A Caridá e Tapia oriental.

As principales diferencias entre el galego lucense e el galego del Eo-Navia, seguindo a X. Frías Conde («Los derivados de *ille* e *illum* en el gallego de Asturias. xeneiro 1993», en *Revista de Filología Románica*), son:

Trazos	Eonaviego	Gal. Luc.
-L-	-l- (occ. cae)	(cae)
QUA-	cuando	cando
-INU, -INA	-ín, -ía	-ín/-iño, -iña
o	el/o	o
teu, seu	tou, sou	teu, seu
aqueles	aquelos	aqueles
téñoos	téñolos/téñoos	téñoos
téñenos	téin- los/téinnos/téinos	teinos

Dentro del galego da bacía del Navia en cada úa das tres subáreas hai as seguintes características fundamentales:

Trazos	Occidental	Central	Oriental
-l-	(cae)	-l-	-l-
-ll-	-l-	-l-	-ll-
l-	l-	l-	l-
-C'L-, -LJ-	-ll-	-ll-	-y-
ILLE, ILLO	el/o	el/o	el/o
-lo (asim.)	-lo	el/o	el/o
QUA-	ca-	co-	co-
véxoo	véxo(e)l	véxolo	véxolo
camiñeiro	camiñeiro	camieiro	camieiro
comprouna	comproua	comproula	comproula

**2. Xoán Babarro** (*Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, vol. I, A Coruña, 2003 pp. 531-542) distingue as seguintes zonas dialectales nel galego de Asturias:

1. *Área A.* Concellos de Santiso e Taramundi e as parroquias dos Coutos e parte da de Sena de Ibias, idéntico al galego del oriente da provincia de Lugo. Tamén forman parte desta área as parroquias de Guiar e Abres nel concello da Veiga. É a área máis próxima al galego común, normativo.

2. *Área B.* É a zona de maior extensión e abrangue a maior parte da Asturias de fala galega, Caracterízase por el emprego del artigo *el*, conservación del -L- intervocálico, terminación en *-en* nel canto de *-eo (chen)*, posesivos *tou* e *sou*. A área subdivídese en dúas segundo el emprego de L- ou Ll- (palatalización ou non: *leite, lleite*). Os sous rasgos son os característicos da zona oriental del galego.

3. *Área C.* Son as falas de transición entre el galego e el asturiano occidental, situadas na parte oriental del concello de Navia, en parte das parroquias del concello de Villaión e nas parroquias tixileiras da Estierna (Ibias) e Trabáu (Degaña).



## ● Explicación dalgús fenómenos fonéticos e morfolóxicos da lingua del Eo-Navia

### 1 A palatalización. Un rasgo controvertido

As palatales son fonemas consonánticos nas que el punto de articulación se produce na unión da lingua coel paladar, a parte máis alta da cavi-dá bucal. Na lingua galega temos cuatro palatales: /ll/, /ñ/, /x/ e /ch/ (*muller, eñe, xente, chorar*).


Nel caso da consoante alveolar lateral /ll/, proveniente de L- inicial latino e -LL- intervocálico, en certas zonas del Eo-Navia dáse el resultado lateral palatal /ll/ (LUNAM ---> llúa, CABALLUM ---> caballo).

Este rasgo palatal esténdese por a metá oriental del concello de Tapia, ocupando por enteiro os concellos del Franco, Coaña, Navia, Boal, Villaión e a parte norte da zona galegófona de Allande (Verducedo) asta máis aló del oriente de Eilao (na beira dereta del Navia). Por riba de Doiras penetra nel marxen esquerdo del río.

Como curiosidá, Frías Conde estudiou tamén a súa pervivencia en diversos topónimos del área non palatizadora: Llacín e Llandepereira en Grandas e Llan en Taramundi. Antón Santamariana señala como exemplos da extensión deste fenómeno na provincia de Lugo (Llencias e Llousa) e García Arias el caso de Llorantín nos Ancares.

Afirmouse que este fenómeno fonético del consonantismo del Eo-Navia podía derivar del astur-leonés, sin embargo sabemos que xa algús dialectos mozárabes conoceron a palatalización e que nos séculos x e xi este rasgo tuvo úa maior extensión na galaicofonía (na que quedan os fósiles vistos anteriormente na toponimia). Resumindo, a palatalización foi común al astur-leonés, al galego oriental, al catalán e al aragonés ribagorzano (en tempos, unidos por úa ponte común: os dialectos mozárabes). Nas palabras de recente entrada na lingua xa non la hai: *litro, lumbago, líquido...*

Mapa das distintas palatalizaciois, sacado del ETLEN



## 2 El artigo determinado masculino singular /el/ (el can). Etimolóxico, non castelanismo

En latín non existía el artigo. Este é úa innovación das linguas románicas a partir dun demostrativo ILLEM, ILLAM, ILLUD que significaba «aquele»:

ILLEM HOMINEM, «aquele home»> el home

ILLAM CIVITATEM «aquela cidadá»> a cidadá

Neste proceso, el demostrativo orixinal experimenta diversos cambios:

- Úa redución que afecta al acento. El demostrativo latino era tónico, mentras que el noso artigo é átono e apóiase na palabra seguinte pra pronunciarse (/elóme/).
- Hai úa desamentización, ou seña úa redución tamén del sou significado porque el demostrativo latino ILLE («aquele») nos presenta úa realidade situada nel maior grado de lonxanía, na órbita de úa terceira persoa (*él, ela*), non na da primeira persoa (*este*), nin na da segunda (*ese*). Ese significado desaparece nel artigo.
- Perde librtá en conto á súa posición. En latín el demostrativo podía aparecer antes ou despós del nome (ILLEM HOMINEM / HOMINEM ILLEM). El artigo, en cambio, antecede obrigatoriamente al sustantivo.

Na nosa zona el artigo determinado masculino singular *el* deriva directamente del nominativo latino ILLEM.

Tamén derivan deste demostrativo latino ILLEM, ILLAM, ILLUD a forma tónica del pronome persoal de P3 (*él, ella/ela...*) e os pronomes átonos de 3.<sup>a</sup> persoa (*lo, la: vinlo, vinla*).

En latín clásico este era el paradigma del demostrativo:

Nominativo	ILLE	ILLA	ILLUD
Acusativo	ILLUM	ILLAM	ILLUD

Xa en romance, este demostrativo simplificouse así:

	Masculino	Femenino	Neutro
Nominativo	ele	ela	elo
Acusativo	elo	ela	elo

### **Quedémonos con estas dúas variantes (*ele* e *elo*) pra explicar as dúas solucións existentes na nosa área dialectal.**

En galego-portugués antigo temos as formas actuais (*o, a, os, as*) xunto a restos arcaicos con l-: *lo, la, los, las* e era común usar a variante *el* delante de títulos como El-Rei, El-Señor... Esta alternancia atopámosla hoxe en día nel galego de Hermisende (Zamora) e nel da Serra de Xálima (Cáceres). El galego normativo actual presenta tamén el alomorfo *lo, la, los, las* en casos concretos (a chamada «segunda forma do artigo»).

Pra facilitar el estudio dos distintos paradigmas del artigo determinado, Xabier Frías Conde divide os dezaioito concellos da Terra Eo-Navia en tres zonas (excluíndo os tres concellos anteriores por non presentar ningúna diferenza respecto al galego común):

1. *Zona «A»*. Comprende os concellos de Ibias, os tres Ozcos, Negueira de Muñiz (concello de Lugo) e el valle leonés de Ancares (extremo noroccidental da provincia de León). Ademais esta zona coñece a caída de -L- intervocálico, que non se dá nel resto del galego de Asturias. Un apéndice de Ibias que penetra na provincia de Lugo, chamado Os Coutos, goza tamén das características del artigo del galego común. E tamén hai úa zona de Ozcos que conserva el artigo masculino *o*.

El paradigma nesta zona é:

	Masculino	Femenino	Neutro
SG.	o	a	o (seguido de consonante: o día)
	el	el	el (seguido de vocal: el herba, el home)
PL.	os	as	

2. Zona «B». Comprende os concellos de Grandas, Pezós, Eilao e Tapia.  
El sou paradigma é:

	Masculino	Femenino	Neutro
SG.	el/o	a/el <sup>4</sup>	el/o
PL.	os	as	

3. Zona «C». El resto dos concellos da Terra Eo-Navia (tamén en Sanabria –Zamora– e Sistoria –Ibias–). El paradigma é el seguinte:

	Masculino	Femenino	Neutro
SG.	el	a	el
PL.	os	as	

Xabier Frías Conde afirma que «el artigo determinado é, seguramente, el aspecto máis interesante que ofrece el galego de Asturias á dialectoloxía galega en particular e á románica en xeneral»<sup>5</sup>.

### 3 Outro rasgo característico: el posesivo. Tamén etimolóxico

En latín: P1 (primeira persoa) MEUS, MEA, MEUM  
P2 (segunda persoa) TUUS, TUA, TUUM  
P3 (terceira persoa) SUUS, SUA, SUUM

El resultado dos posesivos masculinos de segunda e terceira persoa (*tu, tous e sou, sous*) é etimolóxico e máis arcaico que os resultados del posesivo en galego normativo (*teu, seu*), que son analóxicos del posesivo de primeira persoa (*meu*).

<sup>4</sup> El femenino *el* úsase con plena vitalidá nesta zona e en gran parte del galego de Asturias.

<sup>5</sup> Pra ler máis sobre este tema: 38841626.pdf (core.ac.uk)

## ● Linguas minoritarias e linguas minorizadas

Muitas destas linguas románicas tán dentro de lo que se conoce en socio-lingüística como:

### 1 Linguas minoritarias

Son aquelas que tein un número reducido de falantes en relación con outra lingua nun mesmo territorio. El concepto ta relacionado coa cantidá.

Por exemplo, el francés, el quinto idioma máis falado del mundo –300 millois de falantes en Francia–, pode ser considerado lingua minoritaria si analizamos a súa situación en Canadá, onde é úa lingua oficial pero de uso minoritario.

Hai 24 linguas oficiais reconocidas na Unión Europea e hai outras 60 linguas máis que falan us 50 millois de persoas, el 10% da poboación. A súa situación en cada país nel que se falan é mui diferente: Muitas non tein un recoñecemento e solo 7 estados recollen nas súas constituciois, ou oficialmente, dúas ou máis linguas: España, Bélxica, Finlandia, Italia, Irlanda, Malta e Luxemburgo. Os países máis restritivos e que non recoñecen ningún tipo de oficialidá prás linguas minoritarias son Francia, Bulgaria, Grecia e Polonia.

A Unesco considera que 30 linguas minoritarias tán en perigo de extinción, e algúas delas en estado vexetativo. Úa das linguas en riesgo é el «yidis», das comunidades xudías de Centroeuropa e tamén el romaní, das comunidades xitanas. En Italia el lombardo, el sardo, el catalán ou el siciliano tán reducidos a grupos de xente de muita idade ou de persoas implicadas na súa propagación. Outras linguas tamén en perigo son el frisón en Países Baxos ou el mirandés en Portugal.

El occitano, que lo falan us 2 millois de persoas, non é oficial en Francia. El Valle de Arán é el único lugar onde é idioma oficial xa que conta con úa protección especial por parte da Generalitat de Catalunya.

En España, as tres linguas cooficiales son: euskera, con us 750.000 falantes; catalán, a lingua minoritaria máis falada, con 7 millois de falantes en España, Francia e na ciudá sarda de Alghero; e galego, con 2.400.000 falantes aproximadamente. E hai outras que non contan con ningúa protección estatal como el asturiano, el aragonés ou a fala extremeña.

### **As linguas minoritarias tán en peligro de extinción nel mundo dixital**

Coel auxe de asistentes virtuales como Google Home e Alexa peligra a diversidade lingüística, al impuense na tecnoloxía os idiomas maioritarios. El futuro será prás linguas que se provean de recursos lingüísticos útiles pra el desarrollo tecnolóxico, como dicionarios, corpus ben anotados, ontoloxías (sistemas de datos que definen as relacións existentes entre os conceptos dun dominio) e grandes cantidades de datos de calidá que inclúan el soporte dixital.

Cada vez vei ser más complicado que as linguas con poucos millois de falantes resistan. Bastaría que, de úa vez por todas, se actuara como se se crera de verdá que en España todas as linguas son de todos e que por eso vale a pena axudalas, apoialas e protexelas.

## **2 Linguas minorizadas**

Lingua minorizada é un término sociolingüístico que fei referencia a un idioma que sufriu marxinação, persecución ou incluso prohibición nalgún momento da súa historia. As linguas minorizadas foron por tanto prexudicadas pola acción de outra lingua máis dominante, núa situación de contacto entre elas.

- Son linguas que sufriron restriccións por motivos sociais ou políticos.
- Marxinação ou menosprecio.
- Persecución ou prohibición.
- Diferencia de estatus ou oficialidá frente á outra lingua coa que comparten territorio.
- Imposición da lingua dominante (chamada «lingua A» en termos sociolingüísticos).



- Dependencia (da chamada «lingua B» ou lingua dominada) cara á lingua dominante.

Anque, pra que úa lingua se considere minorizada non é necesario que cumpla todos os puntos anteriores.

A minorización depende da **cualidá**, sobre todo dos espacios nos que esa lingua se utiliza. Por exemplo, úa lingua úsase como fala habitual, pero... úsase tamén nos medios de comunicación? Hai contido audiovisual (series, películas...) ou de ocio (literatura, videoxogos...) nese idioma? Podemos ir al banco ou al xuzgado e que nos atendan nese idioma? Vamos al médico ou a oficinas administrativas e usamos esa lingua? Os carteles e valados tán nesa lingua?

Por tanto, se úa lingua solo se usa prás funciois habituales (as consideradas de «menor prestixio») e non noutros contextos comunicativos, tamos ante úa **lingua minorizada**. E si outra lingua que convive con ela nel sou mesmo territorio se reserva prás funciois de «maior prestixio», tamos ante un caso de **diglosia**.

En España, tanto el galego, como el catalán e el euskera considéranse linguas minorizadas.

Pral Estado, máis aló dos discursos protocolarios nos que toca quedar ben, lo que se dice lingua, hai úa, aquela coa que nos entendemos todos. E as demais, pois sí, ei tán e fálanlas algús porque son mui pesados, pero, nel fondo, vaia coñazo. Co ben que nos iría con úa sola. Así que, se as queren protexer, que as protexan os gobernos rexionales, que el Estado ta pra cousas serias, ou seña, el español. Se España é un Estado con máis de úa lingua, a súa lexislación debe ferse sempre tendo en conta esta realidade. Se non é así, as afirmaciois folklóricas sobre el rico patrimonio lingüístico e a riqueza idiomática da Península quedan nun simple blablablá. É onde tamos.

Josep Martí Blanch

## Nel caso de Asturias

É incuestionable que en Asturias coexisten tres llinguas, con distinta distribución xeográfica (diatópica), social (diastrática) ou de uso situacional (diafásica): el castellano, el galego e el asturiano.

A **Constitución Española** (1978) nel sou *artigo 3*, reconoce el valor de todas aquelas variedás lingüísticas rexionales que non tán consideradas llinguas oficiales:

1. El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho de usarla.
2. Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas comunidades autónomas de acuerdo con sus estatutos.
3. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de respeto y protección.

El **Estatuto de Autonomía del Principado de Asturias** (1984) expresa en su *artículo 4*:

El bable gozará de protección. Se promoverá su uso, su difusión en los medios de comunicación y su enseñanza, respetando, en todo caso, las variantes locales y voluntariedad en su aprendizaje.

Asimismo, en el *artículo 10.1.15* señala como competencia del Principado: «El fomento y protección del bable en sus diversas variantes que, como modalidades lingüísticas, se utilizan en el territorio del Principado de Asturias».

El estándar asturiano ta basado na variedá central e conta con úa Gramática, un Diccionario e úas Normas Ortográficas. Ta regulado por a Academia da Llingua Asturiana e, aunque non goza de carácter oficial, existen varias asociaciois que apoian a oficialidá e realizan campañas pra conseguila. Úa lei regula el sou uso: A **Ley de Uso y Promoción del Bable/asturiano** (1998), que nel sou *artigo 1* expresa:

### *Artículo 1. Lengua tradicional*

El bable /asturiano, como lengua tradicional de Asturias, gozará de protección. El Principado de Asturias promoverá su uso, difusión y enseñanza.

En conto al **galego de Asturias**, solo aparece nomeado, na *Ley de uso*, nel artigo 2 e na disposición adicional:

*Artículo 2. Gallego/asturiano*

El régimen de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido en esta Ley para el bable / asturiano se extenderá, mediante regulación especial al gallego /asturiano en las zonas en las que tiene carácter de modalidad lingüística propia.

*Disposición adicional*

El gallego-asturiano tendrá un tratamiento similar al asturiano en lo que se refiere a protección, respeto, enseñanza, uso y tutela en su ámbito territorial.

Como vemos, el galego ta usente en muitas dos artigos legales nos que se fala del asturiano, por lo tanto en dobre desvantaxa con respecto deste.

Dentro del hai quen emprega as normas propostas pola Academia da Llingua Asturiana, pero hai asociaciois e persoas individuales que solo aceptan as normas publicadas nos anos 90 pola Mesa pola defensa del galego de Asturias (MdgA), as únicas –de momento– que se acercan al xeotipo gallego-portugués, del que esa lingua é úa variante dialectal.

## Bilingüismo e diglosia en Asturias

El bilingüismo é a coexistencia de varias linguas nun mesmo territorio, e el sou uso en igualdá de condiciois, sin que úa lingua se use con superioridá e sin que se desprezie a outra lingua. Esto sería un **bilingüismo equilibrado**, el uso indistinto de ambas linguas en cualquier ámbito social (pero... hai moitos lingüistas que negan a existencia deste bilingüismo harmónico porque a situación máis frecuente das linguas en contacto é a diglosia).

**Diglosia** (del griego *di-dous*, *glosa*-lingua), é a situación lingüística na que úa lingua (chamada lingua A) se establece como «alta» e se usa en relaciois formales. En cambio, a outra lingua considérase «baxa», inferior (chamada lingua B) e é propia de situaciois informales (familiares, coloquiales, vulgares...).

Nel caso de Asturias, por tanto:

- **El castellano é considerada a lingua «alta»** (lingua A): é a oficial, a culta, a de prestixio, a que se usa na enseñanza, nos documentos oficiais, nos medios de comunicación, en situaciois «serias», formales.
- **El asturiano e el galego son as linguas consideradas «baxas»** (linguas B): as del nivel familiar, as del pobo, as que non se admiten en moitos documentos, as que non son oficiais nin se usan na enseñanza como linguas vehiculares, nin na administración ou na publicidade.

Inda que nel caso del galego de Asturias temos que fer úas consideraciois máis:

- A aplicación dos preceptos constitucionales, del Estatuto de Autonomía de Asturias e da Carta Europea de Linguas Rexionales e Minoritarias –ratificada por el Estado español e publicada nel BOE el 15 de setembro de 1992–, xunto coa doutrina del Tribunal Constitucional otorgan certa protección al asturiano e al galego de Asturias. Pero é innegable que este sofre úa dobre minorización al carecer de regulación especial, ser esquecido reiteradamente nas campañas que se fain pral asturiano, carecer de presenza nos medios de comunicación, non ser idioma presente na Universidad asturiana, ter un tratamento

inaxeitado e con un enfoque vulgarizante nel sistema educativo e non contar con institucións propias axeitadas.

- Que un idioma que forma parte dun dos dominios lingüísticos máis importantes del planeta teña choído –como un apéndice incómodo– na tutela das institucións que foron creadas pra outro idioma, el asturiano, é un reflexo real del abandono que sofre polos responsables políticos e lingüísticos asturianos.

E por si fora pouco, el feito de que a administración non use un glotónimo conforme á súa dignidá idiomática é toda úa declaración de intencións.

**«Aprender outro idioma non é sólo aprender palabras diferentes para as mesmas cousas, sinón aprender outra maneira de pensar acerca das cousas.»**

**Flora Lewis**

**«As ventás que abre úa lingua dan a úa paisaxe única. Aprender novas linguas é entrar noutros tantos mundos novos.»**

**George Steiner**

**«Se lle falas a úa persoa núa lingua que entende, chegarás á súa cabeza. Se lle falas na súa propia lingua, chegarás al sou corazón.»**

**Nelson Mandela**



[www.axuntar.eu](http://www.axuntar.eu)

AXUNTAR\*